



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
MURALLA ROMANA



# XII CONCURSO "LUCUS INTERCENTROS"

## BASES DO CONCURSO

Xaneiro 2025

I.E.S. MURALLA ROMANA  
Rúa Angela Colacci, s/n  
27003 - Lugo  
Tlfnos: 982 82 80 81  
[www.edu.xunta.es/centros/iesmurallaromana](http://www.edu.xunta.es/centros/iesmurallaromana)



# XII CONCURSO "LUCUS INTERCENTROS"

## BASES DO CONCURSO

### 1.- INTRODUCCIÓN

É este un concurso de preguntas e respostas dirixido ao alumnado de 1º curso de bacharelato.

### 2.- OBIECTIVOS

2.1. Interrelacionar o alumnado de 1º curso de Bacharelato dos Institutos de Educación Secundaria da cidade de Lugo: Ánxel Fole, Leiras Pulpeiro, Lucus Augusti, Muralla Romana, Nosa Señora dos Ollos Grandes, Sanxillao e Xoán Montes.

2.2. Poñer en práctica a parte do currículo do alumnado de Asistencia á Dirección, referida á organización de eventos.

2.3. Interrelacionar o profesorado dos IES da cidade de Lugo.

2.4. Vivir unha xornada lúdica e agradable para todas as persoas participantes.

### 3.- ORGANIZACIÓN

#### 3.1. Organización e colaboracións

a) Organiza e coordina o Departamento da Familia de Administración e Xestión do IES Muralla Romana.

b) Colaboran:

- Profesorado dos institutos participantes, na elaboración das preguntas que se formularán nas diferentes fases do concurso,
- Profesorado e alumnado do departamento da Familia de Administración e Xestión do IES Muralla Romana, na presentación e desenvolvemento do mesmo.
- Profesorado e alumnado do departamento da Familia de Informática do IES Muralla Romana, na presentación dixital do mesmo.
- Profesorado e alumnado do departamento da Familia de Imaxe Persoal do IES Muralla Romana, na perruquería, maquillaxe e asesoría de imaxe.
- Profesorado e alumnado do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo, na produción e realización.
- Profesorado e alumnado do CIFP Politécnico de Lugo, na creación dos pulsadores.

3.2. O XII Concurso "Lucus Intercetros" terá lugar o venres **17 de xaneiro de 2025** no **Salón de Actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo** e poderase visionar en directo na web do IES Muralla Romana [www.edu.xunta.es/centros/iesmurallaromana/](http://www.edu.xunta.es/centros/iesmurallaromana/) e na canle de YouTube do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

### 4.- PARTICIPANTES

4.1. Poderán participar sete equipos, un por cada Instituto de Educación Secundaria da cidade de Lugo. Cada **equipo** estará composto por **tres persoas**. O nome xenérico de cada equipo virá dado polo do centro ao que pertence pero pode elixir un nome específico que comunicarán xunto co nome e apelidos do alumnado participante antes do día **9 de xaneiro de 2025** a: [pandon@edu.xunta.gal](mailto:pandon@edu.xunta.gal)

4.2. Todos os equipos deberán estar no **Salón de Actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo** o día 17 de xaneiro ás **9:30 horas**.

## 5.- PROCEDEMENTO

### 5.1. Datas e horarios

#### 5.1.1. Día 9 de xaneiro de 2025.

14:00 horas: Remata o prazo para que os institutos envíen o nome dos compoñentes do equipo e o seu nome específico..

#### 5.1.2. Día 13 de xaneiro de 2025.

11:30 horas: Sorteio público para as eliminatorias de cuartos de final. Salón de Actos do IES Muralla Romana.

#### 5.1.3. DÍA 17 de xaneiro de 2025

9:30 horas: Chegada dos concursantes ao **Salón de Actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo**. Entrega de instrucións e de tarxetas de identificación.

10:00 horas: Presentación de todos os equipos no **Salón de Actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo**.

10:15 horas: Primeira eliminatoria de cuartos de final

10:25 horas: Segunda eliminatoria de cuartos de final.

10:35 horas: Terceira eliminatoria de cuartos de final.

10:45 horas: Descanso

11:30 horas: Primeira semifinal. Confrontaranse: O equipo gañador da última edición do concurso o "IES Muralla Romana" co gañador da segunda eliminatoria de cuartos de final.

11:40 horas: Segunda semifinal. Confrontaranse: o equipo gañador da primeira eliminatoria de cuartos de final e o equipo gañador da terceira eliminatoria de cuartos de final.

11:50 horas: Terceiro e cuarto posto. Disputarán o terceiro posto os eliminados en semifinais.

12:00 horas: Final. Disputarán o primeiro e segundo posto os gañadores de semifinais.

12:20 horas: Entrega de premios.

### 5.2. Procedemento

- Cada equipo nomeará a un portavoz que será o que pulse a resposta acordada.
- Formúlanse 10 preguntas de cultura xeral sobre os seguintes temas:
  - Mundo actual: economía, política e sociedade.
  - Bioloxía, Xeoloxía e Cultura Científica
  - Física, Química e Tecnoloxía
  - Inglés/Francés
  - Mundo Clásico: Latín, Grego, Mitoloxía e Filosofía
  - Lingua e Literatura Castelá
  - Lingua e Literatura Galega
  - Matemáticas
  - Artes/Deportes/Vida saudable: Música, Plástica, Cine, Danza, Educación Física,
  - Xeografía e Historia.
- Unha vez formulada a pregunta, e ofrecidas as tres posibles opcións (A, B e C), os equipos contarán con **15 segundos** para pulsar a que consideren acertada. Se a resposta é correcta, sumaranse no marcador do equipo 10 puntos. Se non é correcta o marcador permanecerá invariable.
- En caso de empate ao final das 10 preguntas:
  - Pasarase a utilizar o pulsador. Cada un dos equipos terá un pulsador.
  - O primeiro en acender a luz, despois da palabra "TEMPO" dita pola presentadora do concurso, será o que teña a opción de contestar á pregunta nos seguintes 15".
  - Se acerta, será o gañador da eliminatoria,
  - Se non acerta o outro equipo poderá responder, se a resposta é correcta, será o gañador da eliminatoria. De fallar, pasarase á seguinte pregunta na que se actuará do mesmo xeito.

## 6.- PREMIOS

- 1º, 2º E 3º PREMIO: vale de compra para material informático e obsequio do IES Muralla Romana
- 4º, 5º, 6º e 7º PREMIO: obsequio do IES Muralla Romana